

30 de xaneiro: Día Escolar pola Paz e a Non-violencia

Proposta: SEMENTES DE PAZ

A paz é unha palabra moi difícil de definir. É unha sensación interior de harmonía, tranquilidade, felicidade, conectividade... Tamén é un ideal cara o que temos a obriga de camiñar. A paz constrúese a cotío. É cousa de todos e todas. Neste camiño ás veces damos pasos cara adiante e outros cara a atrás

Como educadores/as temos a obriga de transmitir valores , actitudes e comportamentos que “sementen a paz” nas nosas relacións e nas nosas vidas. Imos a comezar pola nosa contorna máis próxima. Imos buscar SEMENTES DE PAZ na nosa escola. Logo as regaremos e coidaremos para que medren. Fertilizantes para estas sementes de paz son:

- O respecto ás formas de ser e pensar dos demais
- O dialogo
- A amabilidade
- A paciencia
- As axudas que prestamos
- A defensa dos débiles,
- O esforzo e o traballo,
- O coidado do medio
- O uso responsable dos recursos.
-

ACTIVIDADE:

- Cada aula vai programar unha actividade (unha soa sesión) para coñecer á clase que lle toque un pouco máis e buscar nela SEMENTES DE PAZ. *[Todos/as facemos sempre algo pola paz, ás veces apenas se nota... agora imos descubrir esas cousas*
- **IDEAS:**
 - Facer unha visita a aula e coñecer os nomes dos compañeiros/as, a idade, e calquera outra cousa que queiramos. (Afeccións, deporte, asignatura que máis lle gusta...)
 - Ver algúns dos traballos que fixeron no primeiro trimestre.
 - Visitar os blogues do seu ciclo.
 - Colaborar en algunha actividade: lectura dun conto, debuxo....
- Unha vez que coñecemos algo máis dos compañeiros/as e xa na nosa clase, escribimos unha reseña **no debuxo achegado** (coma no exemplo ou en forma de poema...):
 - *EXEMPLO: Os nosos compañeiros/as de 3ºA son sementes da paz cando (ou porque):*


1. -----

2. -----

Esta reseña lerase no acto conxunto pola paz (día 30 de xaneiro) e deixáremola no panel para que quede constancia das "Sementes de paz" que atopamos na nosa escola.

Cada clase participa de xeito activo e pasivo, visita e é visitada. Os titores/as coordinarán con anticipacións o contido das devanditas visitas.

As visitas levaranse a cabo dende o 23 ata o 27 de xaneiro.



**A PAZ É TAREFA DE TODOS / AS
OS 365 DÍAS DO ANO**